CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

## CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

### CELEBRACIÓN DE DÍAS MUNDIAIS

Para conmemorar datas sinaladas como o **Día Mundial da Auga**, o **Día Mundial do Medio Ambiente** ou o **Día Mundial do Saneamento**, cada ano publicamos un artigo ou entrevista en medios locais e rexionais co fin de destacar o papel fundamental que desempeña a auga no benestar das persoas, sensibilizar a poboación sobre os problemas ambientais actuais e promover actuacións encamiñadas á protección da nosa contorna.

En 2021, con motivo do Día Mundial da Auga, organizamos xunto a Cadena SER-Santiago unha campaña chamada “O valor da auga” na que publicamos unha serie de cuñas corporativas e realizamos un programa especial, ‘Hoy por Hoy’, dedicado a “O valor da auga”, con entrevistas ao persoal de Viaqua, Cetaqua e a directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez.

Durante o mes de maio, con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, puxemos en marcha accións de concienciación sobre o coidado da auga e o medio da man da Cidade da Cultura, patrocinando o espazo “A auga feita arte para a concienciación ambiental”.

Ao longo do ano participouse nas conversas xeradas arredor doutros días mundiais como o Día Mundial da Educación Ambiental, poñendo en valor a acción que se fai a través de programas como Aqualogía, o o Día Mundial das Aves Migratorias e o noso programa Biobserva ou o Día Mundial do Lavado de Mans e a importancia deste xesto en plena pandemia.



PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE**5** ACCESO Á AUGA**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL**7** EQUIDADE  
E PERSOAS**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIONES  
E RECONOCIMIENTOSSOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

## PROGRAMA DE VOLUNTARIADO VIAQUA

## CAMPANAS DE RECOLLIDA DE XOGUETES

Para que ningún neno e nena quede sen xoguetes no Nadal, voluntariado de Viaqua colaborou con Asuntos Sociais dos concellos de Betanzos, Sada e Viveiro, e tamén con Protección Civil do concello de Ourense, na recollida de xoguetes e alimentos para contribuír ao benestar das familias en situación de vulnerabilidade destes municipios.



## SORTEO DO OURO DE CRUZ VERMELLA

Persoal voluntario de Viaqua participou no Sorteo do Ouro de Cruz Vermella, un clásico co que colaboramos cada ano e que serve para apoiar a actividade de Cruz Vermella no desenvolvemento de actividades e proxectos que axuden a colectivos que se atopan en situacions desfavorecidas.

## CHAMADAS AMIGAS

Chamadas Amigas é unha iniciativa para acompañar emocionalmente persoas maiores que sufren soildade non desexada. Por primeira vez, persoal de Viaqua participou como voluntariado nesta campaña para manter e enriquecer os vínculos afectivos de confianza coas persoas maiores ofrecendo apoio emocional para reducir a súa sensación de illamento.

## ACCIÓN SOCIAL E MEDIOAMBIENTE

## MOBILE WEEK

Patrocinamos e participamos na Mobile Week de Ourense desenvolvendo actividades dirixidas á ciudadanía para debater, analizar e experimentar sobre os cambios da transformación dixital na vida cotiá. Entre as actividades que levamos a cabo atópanse catas de auga, talleres de Aqualoxía e a charla "Economía circular como unha das claves para o futuro dos municipios", que impartiu a nosa directora de Desenvolvemento Sostible, Leticia Rodríguez Hernández, e na que mostrou iniciativas e solucións propias destinadas a implantar un modelo de economía circular no sector da auga.



## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

### LEGADO 2030. A HERDANZA QUE DEIXAS

Como empresa do sector do medio ambiente, temos que concienciar a cidadanía sobre os retos presentes e futuros aos que nos enfrentamos e a necesidade de cambiar por un modelo máis sostible en liña coa Axenda 2030. Participar en eventos como o Foro Conversa: “Legado 2030. A herdanza que deixas”, organizado por Cadena SER, son un altofalante para achegar a nosa perspectiva de empresa e as accións que estamos a levar a cabo en desenvolvemento sostible.



### TALENTIA SUMMIT

Participamos no Foro de Emprego Talentia Summit 2021. Tras un 2020 marcado pola pandemia, durante o ano 2021 propuxémonos apoiar iniciativas para superar a incerteza e fortalecer a reconstrucción económica potenciando o talento e a innovación. Con eses obxectivos estivemos presentes neste evento, no que colaboramos cunha caseta virtual onde os asistentes interesados podían inscribirse para realizar entrevistas e solicitar información sobre Viaqua.

### CONCERTO SOLIDARIO DE ACEM POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE

Apoiamos a ACEM, a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, colaborando coa organización do seu segundo concerto solidario, unha cita que repetimos en 2021 e que ten como obxectivo visibilizar esta enfermidade e recadar fondos para atender as necesidades de persoas afectadas por esta enfermidade e por outras enfermidades neurodegenerativas similares, axudando a mellorar a súa calidade de vida.

### REGALO AZUL UNICEF

UNICEF traballa para a inmunización de nenos e nenas en todo o mundo a través de campañas como Regalo Azul, unha iniciativa na que levamos colaborando varios anos e que consiste no envío de felicitacións do Nadal solidarias grazas ás cales se envían kits de pastillas de auga potabilizadoras. Na última campaña enviáronse 3.150 destes kits, que deron acceso a auga potable a 3.150 nenos e nenas durante unha semana.

### VIII MILLA POLA DIABETES ANEDIA

ANEDIA organizou a súa oitava carreira solidaria para visibilizar a diabetes e recadar fondos para a asociación. Como patrocinadores da VIII Milla Solidaria Anedia, buscamos visibilizar os efectos desta enfermidade e concienciar a cidadanía sobre a importancia de adquirir e manter uns hábitos de vida saudables.

### 100 CONSELLOS

100 Consellos é unha maneira orixinal de estimular o emprendemento. O evento reúne 10 empresarios/as e xestores de éxito galegos con ideas que potencien o emprendemento e o desenvolvemento de ideas empresariais en Galicia. Un espazo no que colaboramos e que serve para xerar e potenciar alianzas no noso tecido económico.



Participación de Viaqua en 100 Consellos 2021

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE**5** ACCESO Á AUGA**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL**7** EQUIDADE  
E PERSOAS**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIONES  
E RECONOCIMIENTOSSOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS




Sonia Delpont  
Directora de Comunicación y Marketing

**“Traballamos día a día en levar a cabo campañas e activades á cidadanía en xeral e aos nosos principais grupos de relación en particular, co obxectivo de contribuír a concienciar sobre o coidado do medio ambiente e da importancia de facer un consumo responsable do recurso auga, mentres xeramos un beneficio social para a comunidade local.”**

## INVESTIR NA COMUNIDADE

Valoramos a acción social como un investimento. Por iso fomentamos a participación activa do persoal e da cidadanía en **accións que xeren un beneficio social**. Viaqua conta cunha política de patrocinios e colaboracións que establece as pautas de actuación para a selección e aprobación de iniciativas e a súa adecuada finalización. Fíxanse, así mesmo, os compromisos que as entidades receptoras deben asumir para unha adecuada rendición de contas e transparencia do destino dos fondos ou axudas outorgados. Desde Viaqua (e dentro do noso compromiso social e de concienciación) levamos a cabo numerosas actividades de apoio á comunidade como as expositas neste informe e a través da metodoloxía LBG (London Benchmark Group) somos capaces de medir o noso investimento en acción social.

DISTRIBUCIÓN  
DA CONTRIBUCIÓN A  
COMUNIDADE EN 2021

- Educación
- Medio Ambiente
- Arte e Cultura
- Desenvolvimiento Socioeconómico
- Benestar Social
- Saúde



## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECONOCIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS




# EQUIDADE E PERSOAS



Favorecemos unha contorna de trabalho,  
inclusiva de calidade e diversa.  
**Alcanzar un 33% de mulleres en posición de  
liderado, un mínimo dun 2,5% de persoas con  
discapacidade e a formación do 80% do persoal.**



# FAVORECEMOS UN ENTORNO DE TRABALLO INCLUSIVO, DIVERSO E DE CALIDADE



## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECONOCIMIENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

## EQUIDEADE E INCLUSIÓN NUNHA CONTORNA DE CONFIANZA

Convencidos de que a saúde do planeta está estreitamente vinculada coa saúde das persoas; formulamos a nosa estratexia prestando moita atención á nosa relación co medio ambiente, a contorna social e a laboral; por iso defendemos unha ocupación de calidade que favoreza a igualdade de oportunidades, a accesibilidade e a inclusión, ademais da dixitalización e o desenvolvemento do talento.

A pandemia obrigounos a aplicar cambios substanciais nas relacións laborais e a forma de traballar. Neste sentido, **a capacidade de anticipación de Viaqua e o compromiso do equipo humano foron cruciais para garantir o servicio e preservar a saúde de todos os profesionais.**

Durante 2021 seguimos velando pola aplicación, na nosa actividade, do principio de non-discriminación por motivos de orixe xeográfica, relixión, orientación sexual ou calquera outra causa, e establecendo como prioridades:


● **Igualdade de xénero**, fomentando a igualdade de oportunidades na selección, formación, retribución e desenvolvemento de carreiras profesionais.

● **Discapacidade**, garantindo o cumprimento da lexislación e o establecemento de obxectivos de inclusión que superan os mínimos establecidos.

En Viaqua traballamos para implantar o valor da equidade como eixe primordial na toma de decisións que erradique calquera tipo de discriminación e consagre a plena igualdade de oportunidades no seo da organización. As políticas de equidade implantadas tratan as diferenzas de xénero, culturais, ou de discapacidade, entre outras, como fonte de riqueza que non poden ser obxecto de discriminación. Por iso, e para garantir contornas de trabalho seguras nas que non existan prácticas discriminatorias ou situacións non equitativas no ámbito laboral, dispoñemos dunha canle de denuncias e dun procedemento interno para o tratamento de posibles situacións non desexadas.

## IGUALDADE DE XÉNERO

En Viaqua apostamos pola promoción dunha contorna de trabalho en que prevaleza **a igualdade de oportunidades na selección, formación, retribución e desenvolvemento de carreiras profesionais sen distinción de xénero**.



En 2021 creouse o Comité Negociador de Igualdade de Viaqua, o cal está a traballar na elaboración do novo Plan de Igualdade de acordo ao Real Decreto Lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urgentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no traballo e a ocupación.

## CONCILIACIÓN

Un dos nosos obxectivos é promover acordos de conciliación para establecer condicións que permitan mellorar os supostos legalmente definidos e que impulsen a corresponsabilidade. Nesa liña, a través da Comisión de Igualdade asinouse o **"II Acordo Voluntario de Medidas de Conciliación da Vida Familiar, Persoal e Laboral"**.

As medidas recollidas en acordos ou en convenios colectivos poden agruparse en tres bloques:

## FLEXIBILIDADE HORARIA E ESPACIAL

- Flexibilidade horaria e adaptación de horarios de entrada e saída
- SmartWorking
- Adaptación da xornada laboral para mulleres embarazadas

MELLORA DE PERMISOS  
LEGALMENTE ESTABLECIDOS

- Concreción do permiso para o coidado de lactantes
- Permisos retribuídos para acompañar en visitas medicas

## BENEFICIOS SOCIAIS

- Programa de Hábitos Saudables (alimentación saudable, promoción de actividades deportivas, saude emocional)
- Tests de antíxenos para detectar a Covid-19



Somos una empresa comprometida en promover la conciliación de la vida personal, familiar y laboral. Así pues, informamos de una serie de medidas aprobadas a tal efecto:

## Permiso por el nacimiento y cuidado del menor

Recordamos que se está realizando una equiparación progresiva del permiso a los dos progenitores que se alcanzará en el año 2021.

1/1/2020 (12 Semanas)



1/1/2021 (16 Semanas)



## Derecho de las familias monoparentales

Las familias con un solo progenitor o progenitora pueden disfrutar de dos semanas adicionales de permiso retribuido por nacimiento y cuidado del menor con discapacidad o en caso de parto, adopción o acogimiento múltiples, a partir del segundo hijo/a. De este modo, podrá recibir los cuidados necesarios independientemente de que tenga uno o dos progenitores.

## Permiso por cuidado del lactante

El permiso por cuidado del lactante no es transferible y da derecho a una hora de ausencia del trabajo para el cuidado del bebé hasta que cumpla nueve meses o se podrá disfrutar de 15 días laborables inmediatos a la finalización del permiso por nacimiento del menor, acumulando las horas de lactancia. La duración se incrementará proporcionalmente en los casos de parto, adopción o acogimiento múltiples.

## Adaptación de la jornada para trabajadoras embarazadas

La trabajadora embarazada de 30 semanas y hasta llegar a término del embarazo, podrá solicitar adaptar la duración y distribución de su jornada, dentro de los términos definidos en el calendario laboral de su centro de trabajo, consistente en la realización de la jornada de forma continuada, con el correspondiente descanso para jornadas superiores a seis horas.

Para ello deberá presentar por escrito una solicitud, como mínimo, con 7 días naturales de antelación a la fecha de inicio de la adaptación ante la Dirección de Recursos Humanos; que deberá ir acompañada de un certificado médico indicando las semanas de embarazo.

La Dirección de Recursos Humanos deberá responder por escrito, en un plazo máximo de 7 días naturales a la recepción de la solicitud.

Consulta más  
medidas de conciliación:  
[igualdad@viaqua.gal](mailto:igualdad@viaqua.gal)



**Coa implementación de medidas de conciliación para fomentar a corresponsabilidade contribuímos ao ODS 8 "Traballo decente e crecemento económico", ao ODS 5 "Igualdade de xénero" e ao ODS 10 "Redución das desigualdades"**

## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIONES  
E RECONOCIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

## DISCAPACIDADE

A normativa legal vixente establece que as empresas públicas e privadas con más de 50 persoas están obrigadas a雇用 un número de persoas con discapacidade non inferior ao 2%, ben con contratación directa ben a través das medidas alternativas descritas no certificado de excepcionalidade.

Para favorecer a inclusión na contorna laboral de persoas con discapacidade, establecemos acordos colaborativos con fundacións especializadas e centros especiais de emprego, como é o caso de **COGAMI** e **INSERGAL**.



## OFICINAS ACCESIBLES PARA TODAS AS PERSOAS

Desde Viaqua apostamos polo **uso estratéxico** das **novas tecnoloxías** para mellorar o noso servizo de atención ao cliente, desenvolvendo iniciativas para a integración das persoas con discapacidade física, sensorial, cognitiva e asegurando que teñan o mesmo acceso á información achegada que o resto da cidadanía. En colaboración con CSIC, FAXPG, Fundación ONCE, COGAMI, Ilunion etc. **continuamos co noso Plan de Accesibilidade** no que se inclúen, entre outras, as seguintes iniciativas:

- **Plataforma de vídeo-interpretación** para persoas xordas SVisual
- **Páxina web certificada** baixo criterios de accesibilidade (ILUNION WCAG 2.0 AA)



Atención ao cliente coa plataforma de vídeo-interpretación SVisual

## CULTURA DE EQUIDADE

Impulsamos accións para avanzar no noso compromiso por unha cultura empresarial inclusiva, a través de tres eixes de actuación: a formación, as campañas de sensibilización e a comunicación interna. Son pinceladas que nos axudan a difundir a igualdade de oportunidades entre o cadro de persoal.

En 2021, as iniciativas más destacadas son:

### DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

Con motivo da celebración do Día da Muller e a Nena na Ciencia, organizamos xunto á nosa fundación, Aquae, un webinario coa nanotecnóloga galega Tatiana López, unha actividade englobada dentro do programa Aquae STEM, dirixido a alumnas de 2º a 6º de Primaria.

Esta iniciativa tivo como propósito mostrar dunha maneira didáctica e a través de exemplos a aplicación da nanotecnoloxía en numerosos ámbitos das nosas vidas. Para iso contamos con Tatiana López, CEO de Nanogap e referente neste campo.

A posta en marcha de Aquae STEM e a organización deste tipo de iniciativas nacen pola necesidade de visibilizar a importancia da igualdade de oportunidades e romper a fenda de xénero en ámbitos como a innovación, a tecnoloxía e a ciencia, intimamente ligados á nosa actividade como empresa que xestiona o ciclo integral da auga.



Webinar Aquae STEM con Tatiana López

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Con motivo do Día Internacional da Muller, que se celebra anualmente o 8 de marzo, Viaqua sumouse á campaña de Nacións Unidas do ano 2021 "Mulleres líderes: por un futuro igualitario no mundo da Covid-19". A campaña estivo protagonizada por algunas das mulleres que traballan en Viaqua e que participaron na loita da empresa para paliar os efectos da situación derivada da pandemia. Baixo o cancelo #MulleresViaqua, fomos coñecendo ao longo de toda a semana o labor das nosas compañeiras nas distintas áreas da empresa e o seu compromiso diario coa preservación da auga e do medio ambiente. Ademais desta acción, organizouse un webinario onde se uniu o talento xove e sénior a través de dúas mulleres externas á organización, e como as súas traxectorias profesionais rompen cos estereotipos establecidos.



**Campaña corporativa Viaqua do Día Internacional da Muller 2021**

## SEMANA DA EQUIDADE, DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Por segundo ano consecutivo, e no marco da celebración da **Semana da Equidade, Diversidade e Inclusión**, desde Viaqua participamos en charlas e formacións, ademais de xerar contidos para difundir mensaxes sobre diversidade e inclusión. Entre eles destaca a charla sobre diversidade xeracional, co obxectivo de coñecer as distintas xeracións que conviven na empresa e as súas principais características; un vídeo con recomendacións sobre comportamentos inclusivos na contorna laboral, así como formacións para sensibilizar en temáticas sobre a comunicación inclusiva, a prevención fronte ao acoso, a discapacidade e o colectivo LGBTQI+. Moitos destes contidos difundíronse na contorna de colaboración interna da canle Yammer e os datos apuntan a unha evolución positiva respecto ao ano anterior, cun 55% máis de interaccións.

## VIAQUA POR UNHA SOCIEDADE LIBRE DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Co fin de contribuír á prevención da violencia de xénero e á difusión dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, desde 2017 estamos adheridos ao grupo de "Empresas por unha sociedade libre de violencia de xénero", iniciativa do Ministerio de Igualdade que promove a difusión dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero. En virtude deste compromiso, participamos na difusión das campañas contra a violencia de xénero, tanto as impulsadas a nivel local como "Galicia en Negro" como as do Ministerio de Igualdade, informando das novas canles de contacto para as vítimas de violencia de xénero, a través das redes sociais.



## DÍA MUNDIAL DAS NAIS E OS PAÍS

Enmarcadas na celebración do **Día Mundial das Nais e os Paíns**, realizamos comunicacións internas informando de medidas de conciliación para fomentar a corresponsabilidade.

## REDE DE EQUIDADE

Viaqua conta cunha axente de equidade que pertence á Rede de Equidade de Agbar. Esta Rede ten como obxectivo traballar concienciando sobre o valor da equidade na compañía e velar polo cumprimento das accións recollidas nos plans de Igualdade e no Plan Estratéxico.

## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA

**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR

**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

**5** ACCESO Á AUGA

**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

**7** EQUIDADE  
E PERSOAS

**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

## TALENTO E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

A procura da excelencia esixe talento e, por tanto, unha xestión eficaz das persoas para que poidan dar o mellor de si mesmas. Por iso fomentamos a empregabilidade e o desenvolvemento profesional, ademais de promover un compromiso entre o persoal e a empresa.


O noso Sistema de Talento Integrado —Talent Up— constitúe un método sistemático e programado para medir e xestionar tanto o rendemento actual como o potencial dos nosos empregados. Persegue mellorar o rendemento e a motivación dos empregados mediante a elaboración de plans de acción que melloran Competencias, Coñecementos e outros aspectos relacionados co potencial do individuo. Así, esta ferramenta permítenos xestionar a mobilidade do persoal e realizar promocións internas con garantías de obxectividade e igualdade de condicións.

Para Viaqua a **formación** das persoas traballadoras que a integran é **unha prioridade**, e forma parte da súa cultura e liderado no mercado. Igual que a tecnoloxía é esencial para as empresas competitivas, investir na formación do noso cadro de persoal permítenos **manter altamente cualificados e preparados os nosos traballadores e traballadoras**, para afrontar os **continuos retos producidos polas innovacións tecnolóxicas no noso mercado e sociedade**. Ademais, os traballadores perciben como un valor engadido a oportunidade de desenvolvemento e capacitación profesional que se lles ofrece a través de diferentes programas formativos, en colaboración con prestixiosas universidades e centros escolares, destinados a mellorar o currículo persoal, as habilidades e aptitudes dos traballadores.



545 persoas incluídas no noso Sistema de Talento Integrado —Talent Up—, das cales 81 están facendo procesos de Avaliación do Desempeño e o Desenvolvemento

## FORMACIÓN DE VIAQUA POR ÁREAS FORMATIVAS



## CUALIFICACIÓN E RECOÑECIMENTO DA EXPERIENCIA

Viaqua promove a participación dos seus empregados en procesos de **acreditación de competencias profesionais**. Para iso lanzamos un pioneiro programa corporativo de acreditación de competencias profesionais que facilitará o **recoñecemento da experiencia profesional dos empregados e promove a creación de itinerarios de desenvolvemento personalizados de novas competencias** a partir das cualificacións profesionais do sector.

Na fase piloto do proceso de acreditacións en Viaqua participaron 44 traballadores

## REDE EMBAIXADORES

A Rede de Embaixadores é un espazo baseado na confianza, que **busca a proximidade entre a empresa e os seus colaboradores, escoitando as súas necesidades e compartindo información de interese**. É moito máis ca unha canle interna de comunicación, fomentando a participación de todo o equipo humano, algo que se consegue a través de reunións e encontros onde se imparte formación, se debaten asuntos internos e se resolven dúbidas.

En 2021 as reunións dos embaixadores **puxeron o foco no impacto da pandemia**, tratando as cuestións que máis preocupaban: protocolos de seguridade nas operacións, atención telefónica, actuacións realizadas nas oficinas de atención ao cliente e coordinación para o regreso aos centros e adaptación á nova realidade.

Cabe destacar a **implicación directa da Alta Dirección** do grupo; en 2021 organizouse unha reunión presencial na Vila da Auga co propósito de coñecer o equipo de embaixadores de Viaqua e dialogar cos embaixadores que están a liderar este proxecto en Galicia.



Reunión da rede de Embaixadores coa Alta Dirección de Agbar

## ACCESO AO EMPREGO DOS MOZOS E APOIO Á INSERCIÓN LABORAL

Viaqua continúa coa iniciativa de **promover e complementar a formación de mozos universitarios** e de **ciclos de formación profesional**, favorecendo a súa futura incorporación ao mercado de traballo mediante prácticas na empresa durante os últimos anos de estudo.

Para iso definíronse dúas liñas de actuación: un programa de prácticas para estudiantes universitarios, mediante a sinatura de convenios de colaboración con universidades e escolas de negocios; e un programa de prácticas para estudiantes de FP. En ambos os casos, ofrecémoslles aos estudiantes un **contacto co mundo laboral** realizando **prácticas profesionais** en calquera das áreas e os departamentos da empresa.

En 2021, no ámbito de acceso ao emprego dos mozos, continuou o desenvolvemento dos seguintes convenios:

## FP DUAL EN “REDES E ESTACIÓN DE TRATAMIENTO DE AGUAS”

En 2021, grazas ao convenio de **FP Dual no Ciclo de “Redes e Estación de Tratamiento de Aguas”** que ten Viaqua coa Xunta de Galicia, en colaboración co CIFP Politécnico de Santiago de Compostela, 15 alumnos puideron realizar **prácticas remuneradas nas instalacións da empresa, finalizando deste xeito a súa formación académica** e adquirindo unha formación especializada e adaptada ás necesidades da realidade laboral actual.



Visita do CEO e persoal directivo de Agbar ao alumnado da FP Dual da Auga

## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIONES  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

De cara ao novo curso, e coa finalidade de seguir impulsando esta modalidade académica, **púxose en marcha unha nova edición** da FP Dual para o curso 2021-2023. Co fin de chamar a atención do potencial alumnado iniciamos unha **campaña de comunicación** a través de medios autonómicos, redes sociais, web e colocación de soportes informativos en zonas concorridas de municipios como Santiago, Pontevedra, Ourense e Betanzos.



Imaxes da campaña "O teu futuro máis claro que a auga"



Video FP Dual da Auga

<https://www.youtube.com/watch?v=XMzEGuTSsI>

Este impulso da FP Dual do sector da auga enmárcase nunha visión integrada da formación profesional, que fomenta o emprego verde e de calidade a través da colaboración público-privada.

## CONVENIO MARCO COA UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este ano mantivemos a **colaboración coa Escola Técnica Superior de Enxeñaría Química da Universidade de Santiago de Compostela**, a través do Programa de Bolsas dirixido a estudantes de primeiro curso do máster en Enxeñaría Ambiental. Co fin de axudar economicamente ao estudiantado, financiamos un total de catro bolsas cunha dotación cada unha delas de 250 euros. Ademais da axuda económica, este programa promove que os estudantes realicen as prácticas nas nosas instalacións co fin de impulsar os seus coñecementos e competencias nunha contorna real.

Este máster acaba de revalidar a 1ª posición na clasificación de mellores másteres 2021/2022 do xornal *El Mundo* na rama de medio ambiente, posto que ocupa desde o ano 2015. A clasificación reúne 250 programas de máster de distintas universidades e escolas de negocios en 50 especialidades.



**COMPROMISO**

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA

**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR

**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

**5** ACCESO Á AUGA

**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

**7** EQUIDADE  
E PERSOAS

**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓN  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

**(PROSPERIDADE)**

2021 foi un ano no que reforzamos o noso vínculo coa Universidade de Santiago de Compostela, reuníndonos para explorar novas vías de colaboración. Na reunión co reitor da USC, Antonio López, estiveron tamén presentes Ángel Simón, presidente de Agbar; o director executivo, Manuel Cermerón, o director de estratexia, Ciril Rozman, e o conselleiro delegado de Viaqua, Marcos Martín. Neste encontro púxose o foco no desenvolvemento da carreira profesional no ámbito da investigación aplicada ao ciclo integral da auga e ao medio ambiente, grazas á formalización de doutoramentos industriais conxuntos entre a USC, a Fundación Centro Galego de Investigacións da Auga, Cetaqua Galicia, en colaboración con Viaqua.

**CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO-CAMPUS DE OURENSE**

Asinamos un novo convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo para dar continuidade á actividade conxunta que estabamos levando a cabo ambas as entidades. Con este novo convenio afíñanzase unha alianza clave co tecido universitario e investigador para levar a cabo accións e iniciativas encamiñadas á promoción e impulso da xestión do tratamento de augas no ámbito docente e da investigación universitaria.

Entre as modalidades de colaboración incluídas no convenio, ofértanse **prácticas para o alumnado dos últimos cursos das titulacións que se impartan no Campus de Ourense-Campus Auga** no ámbito das xestión e tratamento de augas, e a execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento a realizar entre grupos de investigación das dúas entidades. O fin é que o alumnado teña un coñecemento directo dos procesos relativos ao ciclo e o tratamento da auga, así como estimular o fomento da investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica.

**CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A través do Máster Internacional da Auga, en colaboración coa Universidade da Coruña, o alumnado puido realizar prácticas curriculares nas nosas instalacións para aplicar ao ámbito laboral os coñecementos adquiridos e comprender a metodoloxía de traballo empregada pola empresa.



Encontro entre o presidente de Agbar e o reitor da USC



Renovación do convenio de colaboración entre Viaqua e a Universidade de Vigo



Durante  
o 2021

**16**

alumnos realizaron prácticas nas  
instalacións xestionadas por Viaqua,  
impulsando novos talentos

## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA

**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR

**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

**5** ACCESO Á AUGA

**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

**7** EQUIDADE  
E PERSOAS

**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECONOCIMIENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

Adicionalmente, ano tras ano continuamos colaborando con distintas entidades e formalizando novos convenios de colaboración para favorecer a inserción laboral de colectivos en risco de exclusión social:

### ACORDO MARCO CON COGAMI PARA A INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Grazas a este convenio seleccionouse persoal con diferentes graos de discapacidade para facilitarles a inserción laboral nas nosas instalacións.

### ACORDO CON AMILAXA SERVICIOS GENERALES

Ambas as entidades colaboran para que o capital humano de Amilaxa, formado por mulleres e homes con discapacidade, se insiran na contorna laboral de Viaqua. No 2021 contamos con ACS Inserta para a prestación de servizos de limpeza dos nosos centros e a realización das lecturas dos contadores de auga.

### ACORDO CON ASC INSERTA


Inserta é a entidade de Fundación ONCE especializada na prestación de servizos de intermediación laboral, captación e desenvolvemento de talento con discapacidade e xestión do emprego, co obxectivo de lograr a inserción laboral das persoas con discapacidade.



Alicia Royo Martín  
Directora de RR.HH. de Viaqua

**“Tras a pandemia,  
afrontamos un escenario  
en continua evolución que  
suporá novos modelos de  
relación entre a empresa  
e os seus colaboradores.  
De como xestionemos o  
cambio dependerá o noso  
éxito como empresa”.**



**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE**5** ACCESO Á AUGA**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL**7** EQUIDADE  
E PERSOAS**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA

**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR

**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

**5** ACCESO Á AUGA

**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

**7** EQUIDADE  
E PERSOAS

**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECONOCIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS



Comprometidos co reto cero accidentes  
laborais.  
**Mellorar constantemente os indicadores  
de Seguridade e Saúde Laboral.**



# COMPROMETÉMONOS CO RETO CERO ACCIDENTES LABORAIS



## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIONES  
E RECONOCIMIENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

O compromiso de promover a seguridade e a saúde do persoal é un valor fundamental e un aspecto esencial para o desenvolvemento dun servizo sostenible. Para impulsar este compromiso, desde 2013 Viaqua dispón dunha política de seguridade e saúde con tres liñas estratéxicas:

1. Redución gradual e progresiva dos índices de sinistralidade.
2. Minimización do risco en todas as actividades que se levan a cabo. Traballar con seguridade é o primeiro paso para un traballo ben feito.
3. Integración da función de prevención en TODOS os procesos.

Ao longo de 20 anos continuamos coa implementación destas liñas estratéxicas mediante o Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde Laboral, a través do cal desenvolvemos diversas accións encamiñadas á mellora dos índices de seguridade e saúde laboral.

### CERTIFICACIÓN ISO 45001

En setembro de 2021 Viaqua levou a cabo de forma satisfactoria a auditoría externa da certificación do Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde Laboral ISO 45001 por AUDELCO cun resultado de CERO Non conformidades.

### FORMACIÓN EN SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Un aspecto esencial en canto a Seguridade e Saúde é a formación.



Finalizouse o curso de liderado de seguridade e saúde laboral; polo tanto, a día de hoxe encóntrase formado o 100% dos nosos mandos.

Este ano, centramos o Día Mundial da Saude á preparación física para afrontar o traballo dunha forma saudable, una temática moi interesante dada a problemática dos accidentes relacionados cos trastornos musculoesqueléticos.

### SINIESTRALIDADE LABORAL

Durante o ano 2021 en Viaqua producíronse 4 accidentes laborais con baixa duración durante a xornada de traballo.

**Índice de Frecuencia:** representa o número de accidentes ocorridos por cada millón de horas traballadas.

**Índice de gravidade:** representa o número de xornadas perdidas por cada mil horas traballadas.

O Plan de Reducción da Sinistralidade 2021 baséase en tomar **conciencia da importancia** que ten reducir os **incidentes laborais** (sucedidos relacionados co traballo no cal podería producirse un dano ou deterioración da saúde, ou unha fatalidade). Para lograr este obxectivo, continúase coa impartición de charlas periódicas a todo o persoal, publicación de paneis mensuais con **resultados** relativos a índices de accidentes, monográficos de PRL e retorno de experiencias de accidentes e incidentes.



### SEGURIDADE EN OBRAS


O noso Departamento de Seguridade e Saúde Laboral é o encargado de avaliar o comportamento de provedores e subcontratistas no referido a prevención de riscos laborais. Segundo os criterios de coordinación de actividades empresariais, esíxese a todas as subcontratas que cumpran os requisitos esixidos para, posteriormente, pasar á súa homologación como empresa habilitada para traballar connosco. O 100% dos nosos provedores dispoñen de homologación segundo o citado procedemento.



En 2021 non se produciu ningún accidente de traballo en obras de construcción

## REGRAS QUE SALVAN

As **Regras Que Salvan Vidas (RQS)** céntranse na detección das 10 situacións que provocan o 80% dos accidentes más graves na compañía. Estas regras foron **divulgadas** a todos os nosos **traballadores** e ás **empresas contratistas**. Ademais, identifícaronse as situacións nas que o cumprimento das referidas regras pode resultar máis complicado, co fin de proponer o correspondente plan de accións correctoras.



**Nos últimos 10 anos reducimos a sinistralidade un 80% grazas á implicación e o compromiso das persoas, en todas as súas funcións e responsabilidades, coa súa seguridade e a dos demás**

## VISITAS DE SEGURIDADE

Para conseguir a implicación do persoal en todos os niveis da Organización, empregáronse distintas técnicas e ferramentas. Unha delas é a visita de seguridade que realizan tanto os directivos como os mandos intermedios. O obxecto destas visitas de acompañamiento de directivos a traballadores é a detección de melloras á hora de traballar de forma segura. Estas visitas de acompañamiento terminan cunha reunión entre os directivos, os traballadores e os responsables directos destes, cuxo obxectivo é concretar as melloras detectadas e o plan de acción que se debe seguir para a súa implantación.



Durante o ano 2021  
realizáronse 61 visitas  
do equipo directivo  
ás instalacións



Cos nosos proxectos de promoción da seguridade e saúde  
laboral creamos entornos de traballo seguro e sen riscos  
para todo o persoal contribuíndo ao ODS 8 "Traballo decente e  
crecemento económico"

## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

## HÁBITOS SAUDABLES

Impulsamos políticas para favorecer o desenvolvimento integral dos empregados, coidando a súa saúde física e emocional, cun amplio abano de actividades a fin de potenciar un modelo de empresa saudable e sostible. **O programa Hábitos Saudables promove iniciativas relacionadas con actividade física, saúde emocional e nutrición.** Neste sentido, dentro da intranet corporativa contamos cunha plataforma destinada á promoción de hábitos saudables entre o persoal, á que poden acceder todos os traballadores e na que se recollen consellos sobre alimentación e nutrición, saúde emocional e actividades físicas, incluíndo o acceso a todos os empregados a un ximnasio on-line gratuito.



## COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Viaqua dispón dun Comité de Seguridade e Saúde laboral que representa o 100% das persoas que conforman a organización. Trátase dun órgano paritario e colexiado de participación, que funciona como órgano consultivo de todas as decisións e actuacións en materia de prevención de riscos laborais que se realizan na empresa.

## PROXECTO CULTURA XUSTA


O noso obxectivo co proxecto da transformación cara a unha cultura xusta é a **creación dunha atmosfera de confianza** na que todos os profesionais da organización, especialmente aqueles que mellor coñecen a realidade do terreo, poidan informar dos procesos e situacións técnicas, organizativas e comportamentais que poden chegar a provocar un incidente ou un accidente.

Perséguense coñecer estas situacións de maneira precoz, e para iso deben definirse con claridade as condutas aceptables e as iniciativas en seguridade (que deben ser recoñecidas pola organización) e as condutas inaceptables (que deben ser reprobadas pola organización), **admitíndose o dereito ao erro como fonte de progreso e de excelencia nas operacións.**



Julián Barcina Hidalgo  
Director de Operaciones de Viaqua

**"Viaqua sitúa no centro da súa actividade a Seguridade e Saúde do seu persoal, subcontratistas e grupos de relación. Para seguir consolidando unha contorna de traballo segura e saudable, Viaqua desenvolve unha cultura de seguridade integrada baseada en tres piares: o control dos nosos riscos maiores, dos que somos protagonistas e responsables; a cultura xusta, baseada nun clima de confianza e un enfoque positivo da seguridade e saúde; e persoas comprometidas e involucradas nunha cultura proactiva, que se implican en mellorar a prevención de riscos laborais, garantindo e mellorando o benestar no traballo."**



## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

**1** LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

**2** PRESERVACIÓN  
DA AUGA

**3** DE LINEAL  
A CIRCULAR

**4** PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

**5** ACCESO Á AUGA

**6** CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

**7** EQUIDADE  
E PERSOAS

**8** CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

**9** INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

**10** AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓN  
E RECOÑECIMENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS



Innovamos para mellorar a calidade  
de vida das persoas.  
**Fomentar a innovación e a dixitalización**  
a través da colaboración e a inversión.

# INNOVAMOS PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS



## COMPROMISO

PALABRAS  
DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE  
RESPONSABLE

## ACCIÓN

VIAQUA 2030

1 LOITA CONTRA O  
CAMBIO CLIMÁTICO

2 PRESERVACIÓN  
DA AUGA

3 DE LINEAL  
A CIRCULAR

4 PROTECCIÓN DA  
BIODIVERSIDADE

5 ACCESO Á AUGA

6 CONCIENCIACIÓN  
SOCIAL

7 EQUIDADE  
E PERSOAS

8 CONTORNAS SEGURAS  
E SAUDABLES

9 INNOVACIÓN CON  
IMPACTO

10 AS ALIANZAS  
COMO MOTOR

## COLABORACIÓN

CERTIFICACIONES  
E RECONOCIMIENTOS

SOBRE O  
NOSO INFORME

ANEXOS

A innovación é un elemento fundamental dentro da nosa actividade como empresa. Un elemento que nos fai únicos e que nos permite desenvolver proxectos de forma transversal con todos os departamentos e áreas para estar á **vanguarda das necesidades actuais e afrontar con garantías os grandes retos presentes e futuros que temos por diante.**

Forma parte do noso ADN e é un pilar fundamental de Viaqua. Un compromiso que potenciamos desde hai 10 anos a través de **Cetaqua, o noso centro tecnolóxico único en Galicia e toda unha referencia da innovación aplicada ao ciclo da auga e ao medio ambiente.**

Dez anos nos que nos convertemos en referencia a nivel autonómico, nacional e europeo coa posta en marcha de proxectos únicos nos que a innovación e a colaboración público-privada son fundamentais para seguir potenciando Galicia como un dos ecosistemas innovadores de referencia no ciclo da auga.

### CETAQUA, CENTRO TECNOLÓXICO DA AUGA

Cetaqua é o resultado dun modelo único de colaboración público-privada orientado a anticipar as necesidades da sociedade e proponer novas solucións de I+D+i para asegurar a sustentabilidade e eficiencia do ciclo da auga considerando as necesidades locais. Este modelo consolidouse como unha referencia na aplicación do coñecemento á auga e ao medio ambiente. Ademais de en Galicia, este modelo aplícase con éxito nos centros de Barcelona, Andalucía e Chile, compartindo unha mesma estratexia e traballando en colaboración.

